

**O día anterior á convocatoria de folga a Administración galega convoca a Mesa Xeral de Función Pública para presentar o proxecto de Lei que fai efectivo en Galiza o recorte salarial aprobado polo goberno de Madrid.**

A CIG rexeitou o documento presentado por ser totalmente demagóxico xa que non vai servir en absoluto para reducir o gasto público, ao manter a Xunta intacta toda a súa Administración paralela.

Para o persoal funcionario e laboral a reunión foi una farsa, na que a Administración só pretende cubrir o tramite de negociación.

Para o persoal estatutario a reunión foi indignante e una falla de respecto absoluto, xa que tanto o Director Xeral de Función Pública como o Director de Orzamentos non saben nada de persoal estatutario; e a Directora de RR.HH do SERGAS, que estivo presente, non abriu a boca.

O documento que hoxe presentan recolle até o 5% de redución no soldo base, trienios e no complemento de destino que marca o Decreto Lei do Estado. Pero ademais, o Decreto que vai a aprobar o goberno do PP para o persoal estatutario recolle a redución do 4% en todas as retribucións complementarias. A súa hipocrísia non é parangonable con nada.

### Texto do Decreto da Xunta de Galiza:

- “Unha redución do 4% en todas as retribucións complementarias: complemento específico, carreira profesional, atención continuada: noites, festivos e gardas. Esta redución aplicarase en termos anuais respecto do importe vixente a 1 de xaneiro de 2010”.
- A paga extra que se cobre no mes de decembro será a que cobraremos de futuro: xuño e decembro do 2011-12 e sucesivos, anulando os acordos anteriores de cobrar o 100%.

**Unha vez máis estamos diante da mais pura demagoxia do PP, mentres en Madrid critica as medidas do goberno, aquí facendo uso das súas competencias endurece o decreto para aplicar un maior desconto ao persoal estatutario.**

Coa medida de rebaxarnos o soldo, sumada á medida que tomou a Xunta de suspender os acordos retributivos do persoal estatutario, a rebaxa que se lles

*Mobilízate, defende o teu salario*

vai facer ao persoal estatutario supera en % a redución que lle será de aplicación ao Presidente da Xunta, as/os Conselleiras/os e altos cargos.

O Acordo retributivo 2008-2012 recollía un incremento porcentual por grupos que ía desde o 7,95% até o 12,20%; se a isto se lles suma o 5% das básicas e o 4% das complementarias, nos grupos C, D e E a redución a aplicar supera o 15% da redución do Presidente da Xunta e no resto dos grupo supera o 12% de redución que se lle vai a aplicar á Sra Conselleira de Sanidade.

**O persoal estatutario non podemos seguir consentindo o atrópeo das Administracións.**

O goberno non pode darlle un mellor trato aos políticos, aos cargos de libre designación e a todas a súas asistencia técnicas que aos seus profesionais. A sanidade é unha empresa baseada no coñecemento, isto implica unha formación permanente e actualizada, tendo ao paciente como único obxectivo da aplicación do coñecemento; o coñecemento e a penosidade do traballo en quendas, ou a realización de gardas, non se reduce no traballo diario que desenvolven as e os profesionais.

**Desde CIG-SAÚDE solicitamos da Consellaría de Sanidade e do goberno do PP o máximo respecto das e dos profesionais, que se deixen de hipocrísia e que adopten as seguintes medidas:**

- 1.-Que en aras da súa competencia, de inmediato, presenten un recurso de inconstitucionalidade para anular o Decreto do Estado.
- 2.-Que mentres isto non se produza, fagan uso das súas competencias como goberno galego e que no Decreto que presenten ao Parlamento Galego a redución das retribucións complementarias sexa 0 (cero) para todas as traballadoras e traballadores.
- 3.-Que apliquen o acordo retributivo 2008-2012.

### Non máis demagoxia.

Que a Conselleira de Sanidade deixe de agochar as súas decisións detrás do goberno, que de a cara. Que sexa coherente co que di á prensa a saída das reunións do Consello Interterritorial:

**“Para mellorar a xestión non fai falta reducir o soldo das traballadoras/es”**